

Sabemos que para cociñar, é importante unha boa limpeza da cociña. Imos ver o vocabulario que necesitamos se queremos falar sobre cociña ou sobre o fogar.



Como vos organizades na casa á hora de cear? Quen prepara cada cousa? En que habitación comedes? Para describir unha situación, debemos explicar correctamente o que ocorre nun lugar determinado.



Observa as situacións que suceden nesta casa e le as palabras que aparecen. Que che chama máis a atención? Se non coñeces algunha palabra, búscala no dicionario.



● Máis palabras...

- Gardamanteis
- Tarteira
- Abrelatas
- Escorredoiro
- Vertedoiro
- Fregar a louza
- Organizarse
- Entre todos...
- Cada un fai a súa cousa
- Se queres axúdoche
- Entre os dous acabaremos antes
- Cólleme nese caixóni...
- Pásame iso, por favor



Le as palabras e expresións do apartado Máis Palabras. Que expresión empregarías no momento de limpar a cociña unha vez que acabaches de cear?



Volve observar ben a imaxe, intenta memorizar o que está facendo cada membro da familia, os instrumentos de cociña que están a empregar e a localización dos elementos. Como seguramente hai palabras que antes non coñecías, párate e intenta memorizalas. Dedícalle polo menos cinco minutos.



Despois realiza o Kahoot.



Imaxina que no colexio se organiza unha semana gastronómica con comidas doustros países. Elixes os alimentos que che gustaría probar. Aquí deixo algúns exemplos. Busca en internet os que non coñezas e apúntaos na libreta.

polo *tandoori* papaia cuscús *sushi* doce de leite
pizza vexetal *maafe* feijoada *cebiche* coco



Agora imos adestrar a lectura e a atención.



Cada un destes sacos encheuse cos mesmos alimentos. Atopa as palabras que NON se repiten no menor tempo posible. Colle o teu reloxo ou cronómetro para medir o tempo que tardas en atopalas.

3... 2... 1... XA!

leite camaróns mazás salmón
manteiga queixo garavanzos
leituga ovos lentellas cereais
plátanos xamón uvas polo

cereais xamón laranxas uvas
camaróns ovos raia salmón
mazás queixo lentellas polo
plátanos feixóns garavanzos



Observa estas fotografías e explica cales das seguintes tarefas realizaches algunha vez e con que frecuencia.



Chegou o momento de facer **unha limpeza a fondo na casa!** Coa familia que vive na casa, **organízade un día de limpeza** e **explicade todas as tarefas** que se deberían facer. Poñédeo **por escrito**. Podes enviarnos **unha foto do día da limpeza** a fondo. Na fotografía podes saír ti realizando algunha das tarefas, ou podes saír acompañado dalguén que participe na limpeza.

NOTA: *Unha limpeza a fondo leva moito tempo. Pensa que día da semana a poderías facer, cantos membros da familia poden participar e quen fará cada tarefa.*

Cooperar nas tarefas domésticas é responsabilidade de **TODOS**

